



CONCELLO DE BOQUEIXÓN



CONCELLO DE TOURO



CONCELLO DE VEDRA



CONCELLO DE VILA DE CRUCES

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE BOQUEIXÓN, TOURO, VEDRA E VILA DE CRUCES PROGRAMA GALEUROPA**

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Don Manuel Fernández Munín, alcalde de Boqueixón (A Coruña)

Doutra parte, Don Ignacio Codesido Barreiro, alcalde de Touro (A Coruña)

Doutra parte, Don Carlos Martínez Carrillo, alcalde de Vedra (A Coruña) e

Doutra parte , Don Jesús Otero Varela, alcalde de Vila de Cruces (Pontevedra)

En nome e representación dos referidos concellos, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración de Galicia.

As catro partes, no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecen capacidade para convir e obrigarse nos termos do presente CONVENIO de Colaboración e para o efecto,

### **EXPOÑEN:**

1.- Que a Lei 6/2012 de Xuventude de Galicia, no seu artigo 15 establece que a Xunta de Galicia potenciará a mobilidade entre a mocidade galega desenvolvendo programas para a realización de estudos, cursos e actividades na Unión Europea e noutros países, co obxectivo de potenciar o coñecemento da diversidade e a riqueza cultural, o que contribuirá á súa formación e posterior inserción laboral.

2.- Que no DOG do 29 de abril de 2019 sae publicada a Orde do 26 de abril polo que se establecen as bases reguladoras do Programa de mobilidade transnacional xuvenil



CONCELLO DE BOQUEIXÓN



CONCELLO DE TOURO



CONCELLO DE VEDRA



CONCELLO DE VILA DE CRUCES

Galeuropa, dirixido a persoas inscritas no sistema nacional de garantía xuvenil, con cargo ao Programa operativo de Emprego Xuvenil.

A base 3ª, da citada Orde establece que poden ser beneficiarios das axudas os concellos que acorden desenvolver programas conxuntos de actuacións en cuxo caso se deberá acordar a colaboración dos concellos e nomear a persoa que actuará como representante de todos eles para a petición da subvención.

3.- Que en asociación os concellos de Boqueixón, Touro, Vedra e Vila de Cruces, poden acadar un número de mobilidades entre o mínimo de 4 e o máximo de 20.

4.- Que o artigo 48 da Lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público establece que a subscripción de convenios deberá mellorar a eficacia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Así mesmo, os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles.

5.- Que co fin de poñer en marcha a actuación prevista e dar cumprimento aos requisitos esixidos pola Consellería de Política Social, os concellos deben cumprir todos os requisitos recollidos na Orde.

Por todo o anterior, e co obxecto de acadar o fin proposto, os concellos comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes:

## CLÁUSULAS

### **PRIMERA.- Obxecto**

A obtención das axudas para os proxectos de mobilidade transnacional dirixidos á mocidade para a realización de prácticas formativas non laborais en entidades/empresas públicas ou privadas en países europeos, e proceder á súa convocatoria para o ano 2019

### **SEGUNDA.- Finalidade**



CONCELLO DE BOQUEIXÓN



CONCELLO DE TOURO



CONCELLO DE VEDRA



CONCELLO DE VILA DE CRUCES

### Mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa)

- Reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais das persoas mozas non ocupadas nin integradas nos sistemas de educación ou formación.

#### **TERCEIRA.- Ámbito de aplicación**

As devanditas accións abrangerán o ámbito territorial dos concellos de Vedra, Touro, Boqueixón e Vila de Cruces

#### **CUARTA.- Xestión administrativa dos servizos.**

Designarase como representante ao Concello de Boqueixón, o cal actuará como solicitante e coordinador do programa "Galeuropa Val do Ulla 2019"

#### **QUINTA.- Vixencia.**

O presente convenio terá vixencia dende o día da súa sinatura ata o 9 de decembro de 2019.

#### **SEXTA.- OBRIGAS DAS PARTES.-**

1.- Os catro concellos, cumprirán as obrigas establecidas pola normativa aplicable con carácter xeral ás axudas e subvencións públicas e realizarán as actividades acordadas conxuntamente para o desenvolvemento da mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa.

2.- Nos casos de subvencións ás que os concellos concorran conxuntamente, o concello asignado a cada Orde de subvención figurará e actuará en representación desta agrupación para os efectos de envío e recepción de documentación, xestións ordinarias relacionadas coa solicitude, xustificación e todo tipo de tramitacións coas administracións pertinentes, así como de satisfacer as obrigas económicas que deriven do funcionamento do proxecto subvencionado, dación de contas ante os organismos correspondentes, incluído o Consello de Contas. Estes concellos tamén se someterán ás actuacións de comprobación dos órganos correspondentes en cada caso así como a realización das actividades ou cumprimentos da finalidade para a que foi concedida a subvención ou axuda económica.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN



CONCELLO DE TOURO



CONCELLO DE VEDRA



CONCELLO DE VILA DE CRUCES

3.- O concello no que se localicen as actividades a desenvolver, acondicionará e dotará as instalacións de xeito que reúnan as condicións de seguridade que permitan o normal desenvolvemento das actividades dende o inicio do proxecto.

#### **SÉTIMA.- Financiamento dos programas**

Os concellos comprométense a realizar e garantir un esforzo investidor no financiamento total do proxecto e a cumprir os requisitos esixidos en cada unha das Ordes de solicitude.

#### **OITAVA.- Modificación do convenio**

As modificacións do contido do presente convenio requirirán acordo unánime dos asinantes.

#### **NOVENA.- Extinción do convenio.**

O presente convenio extinguirase por cumprimento das actuacións que constitúe o seu obxectivo o por incorrer en causa de resolución.

Serán causa de resolución:

- a) Transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado prórroga do mesmo.
- b) Acordo unánime de todos os asinantes.
- c) Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. O dito requirimento será comunicado á comisión de seguimento e aos demais asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización por prexuízos causados se estiveran previstos.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN



CONCELLO DE TOURO



CONCELLO DE VEDRA



CONCELLO DE VILA DE CRUCES

- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas no convenio e noutras leis.

#### **DÉCIMA.-Comisión de seguimento.**

Para a vixilancia e control da debida execución do convenio e dos compromisos asumidos polas partes asinantes créase unha comisión de seguimento que estará integrada por dous concelleiros de cada concello, designados por Resolución. Esta comisión resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xerarse respecto do convenio.

#### **UNDÉCIMA.- Indemnizacións por incumprimento.**

En caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes será a Comisión de Seguimento quen determine a posible indemnización á que este incumprimento dese lugar. A contía resultante deberá de ser xusta e equilibrada co prexuízo ocasionado.

#### **DUODÉCIMA.- Xurisdición e normativa aplicable.**

O presente convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación das obrigas derivadas deste convenio resolveranse por vía administrativa ou no seu caso, mediante xurisdición contencioso administrativa.

En proba de conformidade co contido do presente Convenio de Colaboración, asinan e rubrican na data e lugar sinalados, as persoas que ostentan a representación destas catro institucións.

O alcalde de Boqueixón

O alcalde de Touro

O alcalde de Vedra

O alcalde de Vila de Cruces

D. Manuel Fernández Munín

Ignacio Codesido Barreiro

D. Carlos Carrillo Martínez

D. Jesús Otero Varela

